



Colaboraron neste número:  
Pablo Riobóo, Juan Gabriel Blanco,  
Paula Allegue, José M<sup>a</sup> Cuba,  
Juan M<sup>a</sup> Díaz, Alejandra Martínez,  
Javier Castro, Raquel Cartelle,  
Lourdes Fernández, Yolanda Iglesias,  
Pablo Toimil, Cristina Rey, Mónica Varela,  
Mónica Magariños, Mónica Lamas,  
David Pena, Covadonga Rodríguez-Moldes e  
Anxos García.



# Cartafol da LINGUA

I.E.S. MUGARDOS



BOLETÍN Nº 15 DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
IES MUGARDOS FEBREIRO 2004

## *LOCE, a nova lei educativa: comentario ás primeiras medidas na ESO*

Durante este curso 2003-2004 estreamos unha nova lei educativa aprobada ó remate do ano 2002. Este ano póñense en marcha as primeiras medidas da lei que teñen moita importancia, aínda que moitos estudantes non parecen decatarse.

En primeiro lugar, vóltan os exames extraordinarios: os alumnos que suspendan en xuño poderán presentarse ós exames de setembro. Isto levará consigo o estudo no verán, esquecido desde hai uns anos para a maioría dos estudantes -agás os do bacharelato-; o incremento das clases particulares, gastos económicos, conflitos familiares nas vacacións, ...

Suprímese a promoción automática. Ata agora, e por este sistema - como sabedes algúns por experiencia propia -, os alumnos da ESO pasaban de ano aínda que tiveran suspensas unhas cantas asignaturas (¡ás veces todas!). A partir deste ano, os que suspendan máis de dúas quedan no mesmo curso. En principio parece bastante razoable a medida pero...¿que pasa cos alumnos que repiten? Se non facemos nada, na meirande parte dos casos pode volver a pasar o mesmo. Terá que existir, por unha banda, un cambio na actitude e esforzo dos alumnos e por outra unha especial atención e medidas de reforzo por parte dos profesores..



Así mesmo, queremos amosar a nosa preocupación por aqueles alumnos que non poidan volver a repetir. No noso centro contamos cun Programa de Garantía Social de Soldadura e a Educación Secundaria de Adultos (para maiores de 18 anos). Necesitamos un Programa de Garantía cun perfil diferente que interese ás rapazas (aínda que soldadura non é propiamente masculino, o certo é que non están matriculándose alumnas). E, sobre todo, algún ciclo formativo de Formación Profesional para rematar coa discriminación que sofre a poboación de Mugardos –Ares. Ten que ser un obxectivo irrenunciábel por parte da comunidade educativa e do Concello de Mugardos.


Entra tamén en vigor o novo sistema de calificacións da ESO. Ás notas de sempre (insuficiente, suficiente, ben, notable, sobresaliente) engádeselles a puntuación numérica. Confiamos en que os profesores, detrás desta nota numérica (cuantitativa), sigan valorando algúns aspectos importantes de tipo cualitativo referidos ás capacidades e esforzo dos alumnos.

Finalmente, para obter o título da ESO, hai que aprobar todo ou, excepcionalmente, suspender un máximo de dúas materias, sempre que non sexan lingua Castelá, Lingua Galega ou Matemáticas. Nada que obxectar, pois é o que vimos aplicando no noso centro desde hai tempo.

Por certo que, afortunadamente e debido ó esforzo dos alumnos e profesores, a taxa de titulados de ESO pasou nos últimos tres cursos de menos do 50% a un 70%.

Para rematar e non cansarvos, queda o tema dos itinerarios de 3º de ESO e outras medidas futuras que –coa benevolencia da redacción da revista- quixera poder analizar nun próximo número pola súa importancia e transcendencia.

Pablo Rioboó, Xefe do Departamento de Orientación



## OPINIÓNS DUN ALUMNO SOBRE A LEI DE CALIDADE

Hai pouco tempo que se aprobou a nova lei: reválidas, exames de setembro...todo pode mellorar a nosa educación, pero coido que están metendo a pata moi a fondo.

En primeiro lugar, quero dicir que a relixión en absoluto é unha clase tan importante e non debería contar para suspender. Non é que teñamos nada en contra do noso profesor de relixión, de feito é realmente difícil suspender esa asignatura no noso instituto, pero paréceme que a importancia que a Lei lle dá á relixión é desproporcionada.

Tampouco vexo ben que a algunhas asignaturas se lles adiquen tantas horas (como o castelán, 4 horas) e a outras tan poucas (coma Ciencias Naturais, 2 horas). Habería que tratar de solucionar este problema.

Unha cuestión que nos preocupa é o da famosa reválida que teremos que pasar ó remate do bacharelato. Trátase dun exame para que che concedan o título de Bacharelato, ¿por que razón un segundo exame despois de pasar os exames de dous cursos? ¿Non quedou suficientemente demostrado que superamos os obxectivos coas probas que nos fan nos nosos centros?

¿E a volta dos exames de setembro? Na miña opinión o que non se fixo durante todo o curso, dificilmente se pode facer es dous meses de verán, é máis poida que se incite a vagar na clase coa esperanza de que logo, despois dun pequeno esforzo de última hora se chegue a aprobar.

¡En fin! Só me queda dicirvos que para min esta reforma merece un cero maior có Nou Camp, agora valorádea vós mesmos,

Juan Gabriel Blanco Mourelle 2º ESO A



# RepArteira

## LiNGaReTeira

### VISITA DA ESCOLA DE MÚSICA

O mes pasado, o director da escola de música e tres dos seus alumnos viñeron a promover e a darnos unha charla sobre a escola de música que hai en Mugardos.

Ensináronnos algúns instrumentos e tamén explicaron o que facían nas clases.

Contra o final tamén nos tocaron algunhas pezas moi bonitas como o "romance anónimo".

Esta foi unha visita moi interesante posto que moita xente non coñecía a escola de música que hai aquí.

Deséxolles moita sorte, tanto ós profes coma os alumnos, e que todo vaia ben.

### TEATRO NA CORUÑA

O día 30 de setembro os alumnos de cultura clásica, grego e latín do centro asistimos a unha representación teatral no instituto Sofía Casanova en Ferrol.

Os actores eran alumnos e profesores do instituto de Pontedeume, xa tentaran facelo o ano pasado, pero non puideron por razóns que descoñecemos.

Sobre a posta en escena teño que dicir que non faltou nada. Sorprendeume esa solemnidade propia das representacións gregas. Tamén o vestuario dos actores, que estaba confeccionado con moito detalle.

Cada personaxe bordou o seu papel, era moi evidente que levaban moitas horas de ensaio e facían con toda a ilusión do mundo. Ademais, chamáronme a atención unhas rapazas que representaban unha esfínx e tiñan que falar todas ó unísono en varias partes da obra, levaban o ritmo necesario e non erraron nin unha soa vez.

A obra trataba do mito de Edipo e o seu pobo. Este non acatou as leis establecidas e, aínda que era boa persoa, o seu destino quixo que sufrira e o pasara mal. Cada mito contén unha idea e tenta facernos reflexionar sobre algo. Este, por exemplo, quere recordarnos que, aínda que non queiramos facer mal a ninguén, o destino está marcado e pode xogarnos malas pasadas.

Xa se sabe que contra o destino non hai nada que facer.

O teatro grego baséase en transmitir ideais de democracia e moderación, é dicir, que hai que facelo todo na súa xusta medida sen "pasarse da raia".

Non é bo que un heroe imponha o seu (relativo) poder por enriba dos demais, xa que o pobo ten os mesmos dereitos sociais. Tódalas historias da antiga Grecia conteñen heroes, pero non sempre estes heroes son un modelo a seguir, porque esaxeran as cousas demasiado e moitos deles carecen de humildade.

A obra gustounos a todos, salvo excepcións de xente que a calificou de "tostón", por iso quero pedirlle a Begoña que por favor nos leve a tódalas representacións dese tipo que sexa posible.

Mónica Lamas. 4º ESO B



# RepArteira

## LiNGaReTeira

### VISITA A LA VOZ DE GALICIA.

O pasado 5 de novembro, os alumnos de economía de 1º e 2º de bacharelato fomos de visita a La Voz de Galicia. Resultou moi interesante. Primeiro presentáronnos ós distintos directores do xornal, logo leváronnos á editorial onde traballaban os xornalistas e mostráronnos como facían as noticias. A maior parte de elas chéganlles por Intranet. Os xornalistas empezan a traballar sobre as 15:30 e a rotativa cerra as 0:00 da noite. Tamén nos ensinaron as máquinas coas que facían o xornal. ¿Sabiades que cada xornal leva só 3 gramos de tinta?, pois si, e o papel ven en bobinas moi grandes de distintos países porque así sáelles moito máis barato. Acabamos a vista nun museo onde teñen as máquinas antigas que se empregaban para facer os xornais noutras épocas. Tamén conservan as primeiras publicacións e as máis importantes de cada época.

É moi entretido e recomendámosvos que cando teñades tempo pasedes por alí.

Paula e Alejandra. 1º Bacharelato A

### VISITA Ó MUSEO DO POBO GALEGO

O día 11 de decembro os alumnos de 3º das ESO e un grupo de 4º da ESO que cursan Educación Plástica e Visual fixemos unha visita ó Museo do Pobo Galego e ó Centro Galego de Arte Contemporánea, ámbolos dous en Santiago de Compostela. Chegamos un pouco tarde e visitamos primeiro o museo do Pobo Galego, un antigo mosteiro de frades que se conserva en bo estado. A guía explicounos moi detalladamente no vestíbulo o que máis ou menos había nas salas. Só nos deu tempo a ve-la primeira sala (o cal foi unha pena) na que había instrumentos de pesca e pequenas embarcacións tradicionais.

No Centro Galego de Arte Contemporáneo dividíronnos en dous grupos: mentres uns ían ve-las distintas salas do museo, outros ían facer nun obradoiro unha maqueta do que se lles ocorrese con distintos materiais (papel, figuras xeométricas, ceras...)


Visitamos cinco salas que varían o seu contido cada tres meses. Na primeira había pequenas figuras representando persoas; na segunda, fotos de igrexas e catedrais pintadas de distintas cores e unha especie de altavoz no que se oía o canto dos paxaros; na terceira, fotos de xente que fixo o camiño de Santiago; na cuarta, debuxos feitos sobre as paredes con carboncillo e na última puxéronnos un breve vídeo.

Gustounos moito todo e esperamos que os profesores nos leven a visitar outros centros culturais con máis regularidade.

Raquel Cartelle 3º ESO B



# Todo Música



## A CULTURA HIP-HOP

A denominada cultura *hip-hop* comeza a impoñerse na sociedade a pesar de que aínda é motivo de crítica para moitos. Preséntase de moitos modos no noso ambiente social e privado, tales como a música, en constante crecemento, o aspecto, no cal destaca de xeito alarmante (pantalóns alongados e anchos que chegan ata o chan, sudadeiras con debuxos impresos, peiteados de punta con gomina, ...); graffías significativas denominadas *grafitys* (que sofren constantes críticas por parte dos políticos e das xentes de a pé, a pesar de que o único que fan é expresa-las súas ideas).

Este estilo de personalidade e non de rebelión, como tenden moitos a ter en conta, estase a ver infravalorado a pesar de que o único que fai é aumenta-lo noso lenzo policromado de ideas e desexos. Un punto a ter en conta serían os *grafitys* dos que antes estábamos a falar. Considérase que os debuxos pintados polas rúas non son outra cousa senon vandalismo, obras de rapaces que forman grupos sen outra cousa que facer que beber e degrada-los bens públicos, e en parte non se trabucan, posto que un mínimo grupo dos *grafitys* si que son obras destas xentes, pero a gran maioría son obras de gran decoratividade e orixinalidade que expresan ideas e reivindican dereitos. Certo é que ás veces os rapaces e os non tan rapaces teñen que face-las súas inscricións en propiedades de dominio público, pero iso é porque non queren que o lugar no que residen se convirta nun monocromo e monótono asentamento de formigón e asfalto no cal un non se poida deter a respirar ou a falar das súas cousas cos seus compañeiros. Eu coído que podería concluír o presente texto dicindo o seguinte: “Non son eles os que teñen que aprender de nós, senon nós os que temos que aprender deles, ou se cadra lembrar coma eramos”.

David Pena 4º ESO B



## EL CANTO DEL LOCO

No último ano, El Canto del Loco publicou tres discos: *A contracorrente* (2002), *En directo. Sala Caracol*, en edición limitada e numerada (febreiro 2003) e *Estados de ánimo* (mayo 2003). O cantante e compositor do grupo, Dani Martín, explica como se formou *Estados de ánimo*. Estaba un día na casa e aburriase así que chamou a David (seu curmán e guitarrista de ECL) para contarlle o seu estado de ánimo. Fóronse con Chema (baixista de ECL) a unha casa en Murcia. Compuxeron 27 cancións e de non ser porque Nigel Walker (o seu produtor) estaba gravando coa Orella de Van Gogh, *Estados de ánimo* houbera saído antes.

Dani, David, Chema e Jandro son El Canto del Loco, grupo formado hai seis anos a partir dunha reunión de dous amigos nunca escola de teatro. Despois, encontros, casualidades e algunha baixa antes de chegar a formación actual. Publican o seu primeiro álbum en 2000 e acadaron o Disco de Ouro, que repiten con *A contracorrente*, o seu segundo traballo. Inmediatamente, un directo para coleccionistas e agora chega *Estados de ánimo*. Un disco máis guitarrero e enérxico cós anteriores. Neste sentido, ten algún parecido co disco gravado en Caracol. Sona como é El Canto del Loco en directo.

*Estados de ánimo* é, efectivamente, un disco de pop enérxico, directo e intenso, con cancións de estilos abertos e variedade rítmica. El Canto del Loco apostou pola forza interpretativa e por unha sonoridade sinxela e sincera, sen engadidos superfluos. Puro pop sustentado por boas cancións.


A produción de *Estados de ánimo* é de Nigel Walker, moi unido ó grupo dende hai dous anos. O cantante di que tódolos discos que mercaba antes, nelles aparecía o nome do compositor. Gustáballe como soaban e a actitude dos grupos que producía Nigel. É unha persoa moi humilde e ten un gran corazón. Dao todo polo seu disco e pola nosa ilusión.

El Canto del Loco non parou dende a publicación do seu primeiro disco. Máis de 200 concertos en España, xira por Latinoamérica, candidato de MTV ao mellor grupo español, candidato a dous premios Amigo... “Mantemos unha actitude de loitadores, coa ilusión de amosar o que somos. É unha mentalidade de garaxe, coa cabeza todo o día dando voltas sobre como facer mellor o noso traballo. É a única maneira de permanecer”.

E con *Estados de ánimo* terminado, o futuro e os plans de El Canto del Loco pasan por manter a mesma actitude. O importante é que non paran. Subiron chanzo a chanzo e con *Estados de ánimo* queren subir un máis. Que a xente disfrute coas súas aportacións e seguir así, pouco a pouco, mantendo a ilusión pola música.

José M<sup>a</sup> Cuba 1º Bacharelato A





## HISTORIAS Á LUZ DA LÚA (1º capítulo. A historia do comezo)

A mañá xa pasara e xa transcorrera media tarde. A luz do día comezaba a escurecer e o Sol a se poñer, mais eles aínda non chegaran. Tiña todo preparado na miña casa de campo para celebraç hoxe o meu aniversario e tan só quedaban uns minutos para a hora acordada cando, de repente, xorde na tranquilidade do anoitecer un coche cor gris metalizado cos altavoces a todo volume. Era Iago, quen se non, no seu coche deportivo en medio dunha nube a escoitar música rap. O primeiro que fixo ó chegar foi apaga-lo coche pero deixando a música prendida; e logo díxome:

-Coiro Dani, as túas festas son ben malas, ¡pero isto! A xente marchou antes de chegar.

-¡Ja, ja! Mira que gracioso. Pero a estas, ¿ti como sabías que aínda non chegou ninguén agás ti?

-Sinxelo, as bandexas rebosan comida, así que Lois aínda non chegou e, el sempre chega antes que ninguén. Ah, e outra cousa máis, é que estabamos todos no teu piso, pero como non chegabas marchamos e eu vin aquí por se te trabucaras, e vexo que si.

-¡Pero que dis ho! Como ía a equivocarme se son eu quen celebra a festa e quen a organizou toda.

-Por iso, coma organizabas ti esta festa decidimos facer outra pola nosa conta no piso.

-¿Que?!

-Que non ho. Cheguei eu primeiro porque os demais aínda non che compraron nada, pero dixeron que chegarían polas nove, alá polo solpor.

-¿E que non vos acordáades do meu aniversario? Aviseivos hai un par de semanas.

-Xa, pero é que fomos deixando pasa-lo tempo e hoxe, ó mirar a axenda, vin que era o teu aniversario e chamei ós demais por se alguén se acordara, pero non caeu esa breva.

-Vivir para ver. En fin, non che hai outra, imos a dentro a tomar algo que comeza a arrefriar o tempo.

-Oe Dani ¿por que non prendemos unha fogueira? Xa pouca luz queda e podíamos andar a contar historias á luz da lúa, coido que lles gustaría ós demais cando cheguen e coman algo. Xa sabes, chegan os que quedan, troulamos un pouco e logo, xa ben entrada a noite, contaríamos historias mentres descansamos da festa. Ó final ata vai a resultar que as túas festas non aburren nin ás ovellas.

Pouco despois chegaron tódolos demais e a festa comezou. Estivemos ata ben entrada a noite de pé pero aló polas doce apagámo-la música do coche e fomos ata a fogueira, idea que todos aceptaron de bo grao. Logo de botar unhas gargalladas ó abrigo do lume botamos a “pedra, papel, tesoir” a quen lle tocaba contar a primeira historia xa que a razón de que todos aceptaran era que se querían rir de quen a contara e, coma sempre, tocoume a mín. Velaí vai a miña historia, titúlase: O SEGREDO DA CRIPTA 1372.

*A uns quilómetros de aquí hai unha casa na que vive un amigo meu que ten un amigo que ten outro amigo o cal ten un curmán chamado Henrique o cal lle ocorreu unha cousa moi estraña que el mesmo me contou e que agora vós escoitades. Seica hai uns anos, cando el contaba vinteseite anos coma min...*

-Dani, ti tes vinteseis - dixo Eva.

*-Por fin alguén que se acorda, pero eu sigo coa miña historia. Como xa vos dixen, el contaba vinteseite anos cando un día, estando nun cemiterio de Viena vendo coma difería dos de aquí, coas súas enormes “estradas” entre tumbas polas que incluso a veces discorren coches, cando se topou cunha enorme e oxidada cripta esculpida en bronce e na que estaban incrustadas unhas cifras douradas nas que se podía ler:*


*[-1.3.7.2.-]. Despois de vela quedou prendado pola aparencia e quixo saber a quen pertencía, mais non o sabía ninguén e tampouco aparecía en ningún rexistro. Henrique estaba a cavilar en como encontrar algo referido a esa cripta que todo o mundo vira algunha vez e que aparecía marcada en tódolos rexistros pero sen información, xa que non había nada inscrito nela agás ese misterioso número. De súpeto ocorréuselle que quizais o número non indicara o número da cripta se non unha data, e dispúxose a investigar cara o concello. No seu entusiasmo, cruzou a estrada sen mirar e asegurarse se viña algún coche e, inesperadamente, pasou un e levouno por diante.*

*Pasaron días sen que se movera do hospital con graves fracturas por todo o corpo debatíndose entre a vida e a morte. Pero, esta vez a sorte sorriulle, en parte, pois pasados varios días do accidente, espertou e ergueuse. Tiña todo o corpo magullado e dorido, agora o problema era outro: non sabía onde estaba, pois perdera completamente a memoria. Os médicos tampouco sabían nada del, pois no accidente perderase a carteira e a documentación. Ninguén o coñecía e el non coñecía a ninguén. Carecía de cartos e do billete de volta á casa que daría pistas da súa orixe. En definitiva, non había nada que o unira á súa antiga vida, só era un simple vagabundo sen esperanzas de futuro, ou iso era o que el pensaba... Vos descubrirédelo no próximo capítulo.*

David Pena Souto

4º E.S.O. B





## SUPLEMENTO ESPECIAL

19 DE DECEMBRO

### ADEUS MEU AMOR

Un día espertei e unha nota lín,  
marchabas para sempre e eu vía meu fin,  
aquela daga que me cravaches,  
no corazón me quedou.

¿Onde vas miña amada,  
onde vas meu amor?

Pasan os días e non sei de ti,  
a soidade chama dentro de min,  
por aqueles recordos que non esquecín.

¿Onde vas miña amada,  
onde vas meu amor?

Xa maior son e aínda non te esquecín,  
enfermo estou, pobriño de min,  
quero saber algo de ti,  
para non marchar sen verte rir...

(José M<sup>a</sup> Cuba 1º BacA)

Cando penso que te fuches  
E xamais volverás a min,  
Algo recorre o meu corpo,  
Que non me deixa durmir.

Recordo eses cálidos bicos,  
Tamén ese gran corazón  
E sinto no fondo da alma  
Que estou morrendo de amor

Quérote tanto ou máis ca antes  
E non sei que che poda dicir  
Para que te deas conta ¡meu neno!  
Que sen ti non podoo vivir

Saen bágoas da miña alma  
E tamén do meu corazón,  
Porque quero ¡vida miña!  
Que volvas ó meu carón.

(Alejandra Martínez 1º Bac A)

Esta é a crónica dun deses días extraordinarios en que somos quen de rachar a rutina diaria para facer algo diferente. Un deses días nos que as portas das aulas quedan abertas e polos corredores circula un regueiro de creatividade: papel, pintura de cores, tesoiras, cola...

Cada clase escolleu un artigo da Constitución Española do 78 e fixo un comentario e un mural sobre el. Nós gardamos algúns e reproducímolos agora aquí para que quede constancia do ben que saen as cousas e do que se pode aprender cando todos nos implicamos.

Aquí estamos todos: os que tiran do carro, os que van no remolque, e aínda os que quedan estomballados nas beiras, coma sempre. Pero temos que pensar que, cantos máis sexamos a darlle cheda ó noso carriño, máis lixeiro ha de andar. ¡Ánimo compañeiros!



# SUPLEMENTO ESPECIAL

## 19 DE DECEMBRO


### 2º ESO A

Nós, os alumnos de 2º ESO eliximos o artigo 43 que recoñece o dereito á protección da saúde. Unha saúde baseada nunha alimentación variada e equilibrada, rica en froitas e verduras.

Unha saúde baseada no exercicio físico e na práctica dos deportes. Unha saúde baseada no contacto coa natureza, respectándoa e disfrutando dos grandes beneficios que nos aporta.

As distintas campañas publicitarias infórmanos de medidas preventivas. Polo tanto nos temos a responsabilidade de coidar a nosa saúde:

Agora ... ti decides



### 3º ESO

O noso mural reflexa o artigo nº 39 da Constitución española: *a protección á familia e á infancia.*

Para elaboralo puxemos fotografías que mostran o sufrimento da xente que non ten pais e non teñen a ninguén no mundo.

Principalmente, esta situación dáse en países subdesenvolvidos que non teñen ningunha lei para protexer os nenos.

No sudoeste de Asia os pais venden ou intercambian ós seus fillos por algún electrodoméstico ou por unha pequena cantidade de diñeiro. Logo a estes lévanos por aí para practicar a prostitución.

En España tamén se utilizan ós nenos con fins nada éticos, coma no caso da rede de pederastia desarticulada hai pouco pola policía.



### 2º BAC A

A Real Academia Española define Linguaxe como o conxunto de sonidos articulados cos que o home manifesta o que pensa e sente; é unha capacidade propia do home que o diferencia do resto dos seres vivos. Gracias á linguaxe comunicámonos e pensamos, e, ó se-lo pensamento libre e persoal, tamén debe selo a expresión do mesmo.

España aínda está a recuperarase dun período dictatorial no que se reprimían os pensamentos en contra do rexime, e, aínda que poidamos pensar que a censura quedou atrás, simplemente temos que remontarnos ó curso pasado e lembrar aquela circular enviada polo goberno na que se nos prohibía manifermos a favor da plataforma Nunca Máis e denuncia-los erros cometidos polos dirixentes do país.

Este atentado contra a nosa LIBERTADE DE EXPRESIÓN abriunos os ollos e mostrounos a importancia dese dereito fundamental. Os problemas non se solucionan coa censura, senón que se agravan.

Pero trátase de apoiar a liberdade de expresión en tódalas súas formas. Temos que respetar ideas contrarias ás nosas, e, se é posible, intentar rebatilas, non rexeitalas por ser minoritarias, xa que esta actitude podería levar á constitución de minorías radicais e violentas.

Levamos 25 anos con este dereito constitucional, aproveitándonos e disfrutando del, aínda que, unha vez máis, existe a excepción que confirma a regra. Non todo o territorio español é LIBRE, xa que moitas personas seguen a vivir cos seus dereitos restrinxidos máis alá do que deberan.

¿Medo? Si, medo a mostrarse en contra dun nacionalismo extremo e a expresar as súas ideas públicamente. E os poucos que se poñen por riba de todo isto pasarán a súa vida ameazados, con escoltas, con medo a que un día calquera o seu coche estoupe, ou lle disparen polas costas.

### 2º BAC B

#### Dereito á vida

A vida é un valor básico e soporte material do resto dos dereitos; está vinculado co respecto debido a todo ser humano e é inviolable e imprescindible: **TO-DOS TEMOS DEREITO Á VIDA, POIS SEN A VIDA NON HAI NADA.**

Por iso **PEDIMOS** que tódolos españois e españolas disfrutemos dese dereito sen limitacións:

- Aos que maltratan ...

**!!!! DEIXADE DE MALTRATAR ;!!!!**

- Aos que amenazan, perseguen, humillan, feren e matan en actos terroristas .....

**!!!! DEIXADE DE MATAR ;!!!!**



# SUPLEMENTO ESPECIAL

## 19 DE DECEMBRO

### A CONSTITUCIÓN

Hoxe é o teu aniversario  
estás feita de loita  
ti segues intacta  
es á nosa alma  
e ás veces pasamos  
e yan  
na túa redacción  
os que te formaron  
tras algúns desacordos  
case cateado

*FIXECHES VINTECINCO ANOS  
AÍNDA QUE OS ANOS PASAN  
ARTICULADA  
Á QUE TEMOS QUE FACER CASO  
TES YIN  
TODOS PARTICIPARON  
SETE FORON  
APROBÁMOSTE  
EN 1978*

(Juan Gabriel Blanco 2º A)



# corre corre que te pillo

### CRÓNICAS DO ASFALTO

Aínda me parece un soño do que estou despertando, por fin un español logrou vencer unha carreira de fórmula 1 e foi o asturiano Fernando Alonso, con 22 anos. Isto sucedeu en Hungría o pasado 24 de agosto, e Fernando conseguiu mesmo sacarlle unha volta ó piloto xermano Michael Schumacher.

Falando da temporada 2003, débese citar a gran actuación do piloto asturiano que realizou a proeza de ser o piloto máis novo en conseguir unha Pole-position (mellor tempo de clasificación) e gañar unha carreira. Tamén se debe falar de Michael Schumacher, que conseguiu o seu sexto título, converténdose no piloto máis laureado de tódolos tempos. Cómpre engadir que este record estaba nos cinco títulos do propio Schumacher e nos do arxentino Juan Manuel Fangio que os conseguiu hai case corenta anos.

Schumacher para coroarse campión tivo que esperar ata a última proba na que, por certo, Alonso tivose que retirar.

Falemos agora da modalidade máis “besta” do automobilismo. Un tipo de competición na que os coches van por terra, auga, asfalto e incluso aire. Os pilotos van, ás veces, case rozando ás árbores (outras, sen case). Sí, estamos a falar dos rallyes.

Este ano tamén tivemos que agardar ata a última proba para saber quen sería o campión mundial desta categoría, e o xuíz foi o rallye de Gran Bretaña. Os aspirantes eran: o español Carlos Sainz (Citroën Xsara), o francés Sebastien Loeb (Citroën Xsara) e un rapaz noruegués de nome case impronunciábel, Petter Solberg (Subaru Impreza) que foi o gañador da proba e do mundial. Neste rallye Sainz viuse obrigado a abandonar por mor dunha saída de pista, outro mundial perdido na proba británica para Carlos. Debo dicir que o actual xefe de Subaru e de Solberg é un galego moi coñecido no mundo dos rallyes, sí, Luís “A Ras” Moya, ex-copiloto de Sainz, pero aínda amigo deste.

No eido dos rallyes do campionato de España o campión foi Miguel Fuster (Citroën Saxo S1600) por diante dos irmáns lucenses Diego e Sergio Vallejo (Fiat Punto S1600).

En Galicia o campión foi Manuel Senra (Peugeot 306 Maxi) que venceu con dificultades a Xosé Miguel Mtnz.-Barreiro ( Mitsubishi Lancer Evo VI) terceiro foi o piloto de Maniños Julio Doce (Mitsubishi Lancer Evo VI).

Para os afeccionados, advertimos que temos que agardar ata Xaneiro para que comece o Mundial de Rallyes, coma sempre co Rallye de Monte-Carlo, e a F-1 en Marzo en Australia. Dende estas liñas, sorte a tódolos pilotos. Juan Mª Díaz Riveiro. 1º BAC A





# CARTAS Ó PROFESORA/A

As cartas recibidas na redacción do cartafol para este apartado veñen dedicadas a Aida e Marisa, sabemos que foron escritas con moito cariño e esperamos sexan ben acollidas

## A Aida

Polo xeral Aida é unha boa profesora, aínda que nos marque moita lección diaria para estudar, pero gustárame que cambiara algunhas cousas:

- Que procurara non retrasarse en chegar á aula. Entre este retraso inicial e que se establece na aula, cando te das conta pasaron 10 minutos de clase.
- A min o da perda deses minutos non me molestaría se non os collera do recreo como fai a miúdo.

O que máis me gusta dela é a súa paciencia cando dámo-la lección e as súas inevitables frases: *¿E logo non fixéche-los deberes? Joobaaa.*

Ou: *Penso que debes calar.*

E cómo non: *O que está falando vai falar comigo dicindo a lección.*

Unha das moitas cousas que rondan pola miña cabeza é que lle debe encantar que darse no recreo acompañada por algún alumno, porque sempre que castiga é para deixarte sen recreo. Non o entendo moi ben, porque ela mesma dixo un día que desta maneira tamén resulta ela castigada sen recreo ¡e segue facéndoo!

Isto é todo. Aida saúdos dun alumno teu, e saúdos tamén a tódolos lectores, co-

## A Marisa

Marisa é unha boa profesora, pero empeza a repetirse un pouco.

Xa estamos un pouco cansados de oír-las súas frases, por exemplo:

- Predícame Frade que por un oído me entra e por outro me sae.
- Máis lento que un desfile de caracoles.
- Santa Lucía che conserve o oído porque a vista moi mal.

E a nova máis:

-Aínda non naceu o imbécil que poida facerme burla.

Consello personal: non sexas tan agresiva.

P.D. = Marisa, no fondo cáenos ben.

(Nisae e Himawri)



# LORÓSCOPO

Non sigas soñando con ese/a rapaz/a que aínda has caer da cama.



Abonda xa de pasalo ben e comeza a estudar que se suspenderás.



Non comas tantas gominolas que vas perder o tipo dentes!



Deixa o móbil se non queres que che quede a orella

na.



Comeza a esquecer a ese/a mozo que te fai sufrir ¡xa ten recambio!

Se che gusta a música non penses en cantar ¡aínda ha chover!



Os animais que tes na casa daranche unha alegría ¡aumentará a familia!

Se te relaxases nos exames seguro que sacarías mellores notas ¡pensa en algo que non sexa o instituto!



Non remexas nos chats, as respostas ós exercicios de mate non están aí.

Non te deixes influír polos teus amigos, se che gusta ¡lánzate a por el ou ela!



O poder de Xúpiter influirá sobre ti e terás un ano inmellorable.





## ARITMANCIA

Trátase duna práctica antiga que utilizaban os magos e feiticeiros para axudar á xente a analizar e desenvolver os seus puntos fortes, superar obstáculos e trazar o seu camiño no futuro.

Un dos sistemas máis coñecidos da Aritmancia é o de extraer tres números clave a partir da persoa (número do carácter, número do corazón e número social) e interpretar o resultado segundo unha serie de significados.

O primeiro que temos que facer para analizar un nome é convertelo nunha serie de números. Cada letra do alfabeto ten un valor numérico segundo a seguinte táboa:

1	2	3	4	5	6	7	8	9
A	B	C	D	E	F	G	H	I
J	K	L	M	N	O	P	Q	R
S	T	U	V	W	X	Y	Z	

Logo escribimos o nome que queremos analizar e o seu valor numérico correspondente. Como exemplo analicemos o nome de Cristóbal Colón, famoso por descubrir América:

CRISTÓBAL COLÓN  
3 991 26 21 3 3 6 3 6 5

Cando se teñen escritos todos os números, súmanse. Neste caso o resultado é 59. Segundo os procedementos da Aritmancia, calquera número que exceda de 9 (cousa que adoita ocorrer) súmanse os números que o compoñen, cantas veces sexa necesario, ata obter un só dígito. Así 59 redúcese a 14, que á súa vez redúcese a 5. o número obtido coñécese como *número do carácter* que indica o tipo de personalidade do individuo.

O seguinte número a calcular é o *número do corazón*, que se refire á vida interior da persoa e indica os desexos e medos ocultos. Para calcular este número, súmanse as vocais contidas no nome:



CRISTÓBAL COLÓN

9 6 1 6 6

Neste caso o resultado é 28, que se reduce a 10 e, á súa vez a 1.

Pode ocorrer que o *número do carácter* e o *número do corazón* coincidan.

O terceiro número que se calcula é o *número social* que se refire á personalidade exterior, á cara que mostra o individuo ó mundo exterior. O *número social* determínase sumando o valor numérico das consoantes:

CRISTÓBAL COLÓN

3 9 12 2 3 3 3 5

Estes números suman 31, que se reduce a 4.

Cos números do carácter, corazón e social resulta posible trazar un retrato da persoa utilizando un conxunto de trazos positivos e negativos asociados tradicionalmente.

### Significado dos números

**UN:** É o número do individuo. Os uns son independentes, de ideas claras, audaces e decididos. Son líderes e inventores. Ós uns cóstalles traballar en equipo e non lles gusta recibir ordes. Poden ser egocéntricos, egoístas e dominantes. Soen ser solitarios.

**DOUS:** Representa a interacción, a comunicación en dúas direccións, a cooperación e o equilibrio. Os douses son imaxinativos, creativos e amables. As súas características son: a paz, a harmonía, o compromiso, a lealtade e o sentido da xustiza. O dous tamén intrtroduce a idea de conflito de forzas opostas e de facetas en contraposición: o día e a noite, o bo e o mao. Os douses poden ser retraídos, volubles, tímidos e indecisos.

**TRES:** O tres representa a idea da plenitude ou totalidade coma nos tríos de pasado/presente/futuro e mente/corpo/espírito. O tres indica talento, enerxía, natureza artística, sentido do humor e facilidade de palabra e trato social. Os treses adoitan ser xente con sorte, de trato fácil, ricos e con moito éxito, pero tamén poden ser persoas dispersas, que se ofenden con facilidade e superficiais.

**CATRO:** O catro indica estabilidade e firmeza. Os catros disfrutan co traballo duro. Son prácticos, fiables e cos pés no chan. Prefiren a lóxica e a razón ós voos da fantasía. Son bos organizadores e conseguen que as cousas se fagan. Coma o ciclo das estacións tamén resultan predecibles. Poden ser ciumentos, turróns, excesivamente prácticos e con tendencia a ter arroutadas de mal xenio. Calquera conflito cos douses duplícase co catro.





**CINCO:** O cinco é o número que indica cambio e incertidume. Os cincos séntense atraídos por moitas cousas á vez, pero non se centran en ninguna. Son aventureiros, están cheos de enerxía e sempre dispostos a arriscarse. Encántalles viaxar e coñecer xente nova, pero pode que non permanezan moito tempo no mesmo lugar. Os cinco poden ser engreídos, irresponsables, irascibles e impacientes.

**SEIS:** O seis representa a harmonía, a amizade e a vida familiar. Os seises son leais, fieis e amorosos, teñen a facilidade para adaptarse. Dáselles moi ben a ensinanza e as artes, mentres que os negocios non adoitan ser o seu. Ás veces teñen tendencia á rexouba e á compracencia.

**SETE:** Comprensivos e brillantes. Ós setes gústalles o traballo duro e os retos. Adoitan ser serios, estudiosos e interésanlles tódalas cousas misteriosas. Para eles, a orixinalidade e a imaxinación son máis importantes có diñeiro e as posesións materiais. Os setes poden ser tamén pesimistas, sarcásticos e inseguros.

**OITO:** O oito indica a posibilidade do gran éxito nos negocios, finanzas e na política. Os oitos son prácticos, ambiciosos e comprometidos. Traballadores mais tamén cobizosos, dominantes e sedentos de poder. Dise que oo oito é o número máis impredecible, que pode significar tanto o éxito máximo coma o fracaso máis rotundo.

**NOVE:** Representa totalidade e logro no grao máis alto. Os noves adican a súa vida ó servizo ó proximo, a miúdo como mestres, científicos e humanistas. De fortes conviccións, traballan incansablemente e serven de inspiración para os demais, pero tamén poden ser arrogantes e engreídos cando as cousas non saen como eles esperan.

Segundo estas interpretacións, podes deducir como es, aínda que a Aritmancia nalgúns casos non é moi exacta. ¡Atrévete a analizar o teu nome e apelido!

Raquel Cartelle 3º ESO B



### A SAGA DE HARRY POTTER

“ O señor e a señora Dursley vivían no número 4 de Privet Drive....” Así é como comenza o primeiro de cinco libros, os máis vendidos na historia, da saga de Harry Potter.

En Novembro de 2001 levouse ó cine a primeira representación cinematográfica “**Harry Potter e a Pedra Filosofal**”, a súa estrea en todo o mundo foi un exitazo, a pesar das malas críticas. Na primeira película Harry Potter descobre que é un mago, e por que ten esa estraña cicatriz na testa. De súpeto entra na prestixiosa escola de maxia e feticería “Hogwarts”, onde fai un montón de amigos pero tamén enemigos. Harry, Ron e Hermione protagonizan grandes aventuras na primeira película, pero non vou contar máis porque seguro que todos vós fostes ve-la película . Despois desta primeira película formáronse millóns de fans en todo o mundo sobre Harry Potter, e naceu a chamada “Pottermanía”. Mentres isto se formaba os tres protagonistas seguían rodando a segunda película con entusiasmo e ganas, facendo todo o posible para comprace-los seus fans. Daniel Radcliffe (Harry), Ruppert Grint (Ron) e Emma Watson (Hermione), estaban moi contentos polo recoñecemento do seu traballo e ata tiveron unha nominación o Óscar, pero non foron premiados.

En Novembro do 2002 estreouse en todo o mundo a segunda parte de “Harry Potter”, “**Harry Potter e a Cámara Segreda**” .

Esta segunda película foi un exitazo maior cá primeira debido a que tiña máis acción e resultaba máis divertida. Os tres protagonistas estaban moi ilusionados coa estrea e esperaban non defraudalos fans. A segunda entrega foi algo máis escura cá primeira, con escenas máis terroríficas, pero tamén máis entretida. Harry e os seus amigos teñen que descubrir o terror que ameaza “Hogwarts” co seu cerre, isto indica que o segundo ano vai ser tanto ou máis emocionante có anterior. Esta película tamén tivo malas críticas, dicían que a película era satánica de máis para os nenos. Isto non influíu para nada no seu éxito, aínda que en países como Rusia chegaron a prohibila. Nese mesmo ano Daniel Radcliffe gañou o seu primeiro premio ¡ Noraboa ! aínda que non puido ir recollelo porque estaba a rodar a terceira película da saga . Os fans de Harry Potter teremos que esperar ata a primavera do 2004 para ver nas grandes pantallas “Harry Potter e o Prisioneiro de Arkabun” da que se di que aínda é moito máis escura. Así que se non vistes a primeira e segunda película do mago máis famoso do mundo ¿¿ A que esperades ?? ¿¿ Estades na onda ou non??.


Cristina Rey López . 2º ESO A



# CALENDARIO CELTA



Os antigos celtas crearon un calendario que tiña por protagonistas ás árbores. Para facelo, fixéronse na lúa. Descubríron que de lúa nova a lúa nova mediaban 28 días, e que o ciclo repetíase 13 veces ó longo do ano. Dedicaron cada un destes ciclos a unha árbore ou a unha planta, engadindo un día solto, que se ubicaba despois do actual 23 de Decembro. Aquí tes aquel calendario, un dos máis antigos que se coñecen. ¿Cal era o mes-árbore cando ti naciches?



Mes	Árbore ou planta	Días que comprende
Beth	Bidueiro	24 Decembro – 20 Xaneiro
Luis	Serbal	21 Xaneiro – 17 Febreiro
Nion	Freixo	18 Febreiro – 17 Marzal
Fearn	Ameneiro	18 Marzal – 14 Abril
Saille	Salgueiro	14 Abril – 12 Mayo
Vath	Espiñeira	13 Mayo – 9 Xuño
Duir	Carballo	10 Xuño – 7 Xullo
Tinne	Acivro	8 Xullo – 4 Agosto
Coll	Abeleira	5 Agosto – 1 Setembro
Muin	Viña	2 Setembro – 29 Setembro
Gort	Hedra	30 Setembro – 27 Outubro
Ngetal	Carrizo	28 Outubro – 24 Novembro
Ruis	Sabugo	25 Novembro – 22 Decembro

